



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE NOVEMBRO DE 2017

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

D^a. María José Maneiro Quintáns.

D^a. M^a Magdalena Pérez Millares.

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **13:10 horas** do día **30 de novembro de 2017**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión ordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS.

1.1.- Acta do 17 de novembro de 2017.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

2.1.- Licenza de obra. Expediente 222/2017.

2.2.- Licenza de obra. Expediente 237/2017.

2.3.- Declaración de caducidade de licenza urbanística. Expediente 275/2014.

2.4.- Comunicacions previas de obra.

2.5.- Desistencia comunicación previa 233/2017

3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1.- Trámite de audiencia en procedemento de reposición da legalidade urbanística.

4.- PATRIMONIO MUNICIPAL

4.1.- Cesión do dereito de uso sobre a LMTAS e SET do parque eólico singular de Porto do Son.

4.2.- Declaración sobre autoconsumo do parque eólico singular de Porto do Son.

5.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.



1. APROBACIÓN DE ACTAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondentes á sesión extraordinaria do 17 de novembro de 2017.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ Finalizadas as obras debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ Prazo de execución: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.



9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: “*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*”

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

2.1) **LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 222/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que ANTONIO Y FERNANDO QUEIRUGA SAMPEDRO, C. B. solicitaron en data 26/09/2017 (r.e. 5980) licenza municipal para “**construción dunha nave almacén de redes**” nunha parcela sita no Porto en Porto do Son, coa referencia catastral 9707401MH9390N, segundo o proxecto básico redactado polo arquitecto técnico D. Alfonso Javier Porteiro Abelenda, de data outubro de 2017.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **222/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 24/11/2017 e o informe de Secretaría de data 28/11/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a ANTONIO Y FERNANDO QUEIRUGA SAMPEDRO, C. B. solicitaron en data 26/09/2017 (r.e. 5980) licenza municipal para “**construción dunha nave almacén de redes**” nunha parcela sita no Porto en Porto do Son, coa referencia catastral 9707401MH9390N, segundo o proxecto básico redactado polo arquitecto técnico D. Alfonso Javier Porteiro Abelenda, de data outubro de 2017, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación, da concesión para a ocupación do



dominio público portuario outorgada por resolución da Presidencia de Portos de Galicia o 28/07/2017 e ás condicións que se detallan a continuación:

Clasificación urbanística do solo:

Segundo o plano nº Serie O-4, folia 26-B do PXOM, a parcela na que se proxecta a edificación está clasificada como **Solo Urbano, Sistema Xeral Portuario**.

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto a) establece que *Ao solo de urbano, aplícasele integramente o disposto no planeamento respectivo*.

Normativa Transitoria para o sistema xeral portuario

Se non se tivesen aprobado as correspondentes DEUP ou PE respectivos a cada un dos portos (ou se por calquera circunstancia fosen anulados ou perdesen a súa vixencia), aplicarase a presente Normativa transitoria ata a aprobación dos mesmos:

- *Xestión e tutela das zonas de servizo (sistema xeral portuario): calquera actuación no solo, de carácter urbano portuario, deberá contar coa previa concesión ou autorización, segundo sexa o caso, dos organismos portuarios competentes.*
- *Usos permitidos e prohibidos: os indicados na lexislación vixente en materia de portos (Texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, -Real decreto legislativo 2/2011, de 5 de setembro; Lei 22//1988, de 28 de xullo, de costas e o Regulamento xeral para o seu desenvolvemento e execución).*
- *Altura: A altura máxima das edificacións (de coración) será de 12 metros, exceptuándose desta delimitación aquelas instalacións singulares destinadas ao servizo do porto, tales como depósitos, silos, torres de iluminación e balizamento, etcétera.*
- *Normas estéticas: as edificacións deberán integrarse esteticamente no conxunto do porto, sen provocar roturas co contorno, por deseño, cor, remates, etcétera, debéndose cumprir coa normativa ditada pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta na zona que sexa de aplicación.*

Esta normativa transitoria é de aplicación, dado que aínda que está aprobado o DEUP, non está aprobado o Plan Especial.

Condicións de uso:

Para o Porto de Porto do Son, está vixente a DEUP de maio de 2015, pola que se lle asignan diferentes usos ás distintas zonas do porto, concretamente, a zona onde se pretende construír a nave ten asignado o uso "complementario", que segundo o DEUP:

3.3.3. Uso complementario

De acordo con el artículo 72 del TRLPEMM, en el dominio público portuario se permitirán los usos complementarios o auxiliares de los usos portuarios comerciales, pesqueros y náutico-deportivos, incluidos los relativos a actividades



logísticas y de almacenaje y los que correspondan a empresas industriales o comerciales cuya localización en el puerto esté justificada por su relación con el tráfico portuario, por el volumen de los tráficos marítimos que generan o por los servicios que prestan a los usuarios del puerto.

Por lo tanto, en las áreas a las que se asigna este uso se prevé el desarrollo de cualquiera de las actividades complementarias a las portuarias necesarias para el correcto funcionamiento y desarrollo del puerto, tales como almacenes, construcción y reparación naval y sus suministros, efectos navales, transformación y manipulación de la pesca, avituallamiento, comercial y distribución, ocio y hostelería, aparcamiento, etc.

Dado que o que se pretende a unha nave para almacenamento de redes, enténdese este uso como incluído nos usos que se poden desenvolver nas zonas destinadas a uso complementario segundo o DEUP.

Condicions de edificación:

As condicións de edificación regúlanse no réxime transitorio do PXOM (art.4.9.8.5) e no réxime transitorio do DEUP, sendo coincidentes.

Altura: *A altura máxima das edificacións (de coroación) será de 12 metros, exceptuándose desta delimitación aquelas instalacións singulares destinadas ao servizo do porto, tales como depósitos, silos, torres de iluminación e balizamento, etcétera.*

A edificación proxectada ten unha altura de 10,16m, polo que cumpre coas previsións da normativa.

Normas estéticas: *as edificacións deberán integrarse esteticamente no conxunto do porto, sen provocar roturas co contorno, por deseño, cor, remates, etcétera, debéndose cumprir coa normativa ditada pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta na zona que sexa de aplicación.*

No proxecto xustifícase a integración da edificación no contorno.

Propónse a conexión ás redes de servizos existentes nas proximidades.

Condicions particulares:

- As obras axustaranse ao proxecto básico e de execución de nave almacén de redes, VN16000873 de 02/11/2017 asinado por D. Alfonso Javier Porteiro Abelenda.
- O servizo de abastecemento de auga e saneamento resólvese mediante conexión á rede municipal.
- No caso que durante a execución das obras prodúzanse danos na vía pública, esta repoñerase ao estado no que estaba antes do inicio das mesmas.
- As obras axustaranse a tódalas normativas técnicas, urbanísticas, de salubridade, seguridade e medioambientais de aplicación.



- Con carácter previo ao inicio das obras deberá achegar ao Concello o nomeamento de dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCERO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
74.240,60 euros	2,7%	2.004,50 euros	Taxa pagada	371,20 €	2.004,50 euros
			Taxa definitiva	371,20 €	
			Liquidación	0,00 €	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.2) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 237/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D^a. A^{**} solicitou en data 18/10/2017 (r.e 6508) licenza municipal para “**construción de vivenda unifamiliar acaroadada**” nunha finca sita no lugar de Agra -Xuño, coa referencia catastral 15072A030010710000PA e 15072A030010700000PW, segundo o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta D^a. M. Pilar García Alboreda de data outubro de 2017 (visado COAG 1706007,2 do 17/10/2017).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **224/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 29/11/2017 e o informe de Secretaría de data 30/11/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D^a. A^{**} solicitou en data 18/10/2017 (r.e 6508) licenza municipal para “**construción de vivenda unifamiliar acaroadada**” nunha finca sita no lugar de Agra -Xuño, coa referencia catastral 15072A030010710000PA e 15072A030010700000PW, segundo o proxecto



redactado pola arquitecta D^a. M. Pilar García Alboreda de data outubro de 2017 (visado COAG 1706007,2 do 17/10/2017), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

Clasificación urbanística do solo:

Segundo o plano nº Serie O-3, folia 33-F e 33-G do PXOM, a parcela na que se proxecta a edificación está clasificada como **Solo de núcleo rural de tipo básico Común de grao 2.**

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto c) establece que *Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

LSG, Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogados a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; a Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo; o artigo 13 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; a disposición adicional segunda da Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión; e a disposición adicional sexta da Lei 14/2009, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, así como cantos preceptos de igual ou inferior rango, incluídas as determinacións do planeamento urbanístico, se opoñan ao disposto nesta lei.

Condicións de ordenación da edificación en solo de Núcleo Rural Común de Grao 2:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Fronte de parcela	9m	22,10m
Superficie de parcela	600m ²	1.373,00m ²
Edificabilidade	0,35m ² /m ²	0,16 m ² /m ²
Superficie máxima para uso principal	300 m ²	185,55m ²
Ocupación	40%	16,25%
Liña de edificación	≥ 4m dende aliñación	> 4m
Aliñación	s/plano	S/plano PXOM
Recuado a lindeiros	3m	5,00m / acaroadada
Altura máxima sobre rasante	7m	4,10
Altura máxima permitida	8m	4,10
Altura máxima do cumio	3,60	Cuberta plana
Pendente máxima da cuberta	35º	Cuberta plana
Superficie de cesión	Segundo aliñación	83,00m ²

Condicións particulares:



- As obras axustaranse ao proxecto básico e de execución para construción de vivenda unifamiliar acaroadada asinado pola arquitecta María Pilar García Alboreda, colexiada nº2.188, visado co nº 1706007,2 en data 17.10.2017, modificado pola Memoria e planos visado nº 1706007 de data 24.11.2017 que modifican ao proxecto presentado inicialmente nos seguintes apartados (os documentos modificados anulan aos anteriores do mesmo nome):
 - 1.3. Descrición do proxecto
 - 1.5. Normativa Urbanística
 - Planos SE-2, AR-2, AR-3, CA-1, IN-1, IN-2, IN-3, IN-5, IN-6
- No prazo de tres meses, e en todo caso, con carácter previo ao inicio das obras, deberá presentar os planos de estruturas modificados visados, axustados ás condicións volumétricas que se modifican en base á documentación técnica presentada con visado de data 24.11.2017
- O servizo de abastecemento de auga e saneamento resólvese por medios individuais, que se deberán axustar ao contido no proxecto, e na autorización de Augas de Galicia que se aporta.
- No caso que durante a execución das obras prodúzanse danos na vía pública, esta repoñeráse ao estado no que estaba antes do inicio das mesmas.
- As obras axustaranse a tódalas normativas técnicas, urbanísticas, de salubridade, seguridade e medioambientais de aplicación.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCERO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada	281,75 €	
112.700,00 euros	2%	2.254,00 euros	Taxa definitiva	281,75 €	2.254,00 euros
			Liquidación	0,00 €	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.3) DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZA URBANÍSTICA. EXPEDIENTE 275/2014.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Visto que D. F** presentou unha instancia o 01/09/2017 (r.e. nº 5462) solicitando a declaración de caducidade a licenza de obra menor outorgada por resolución da Alcaldía- Presidencia núm. 532/2014, do 12 de setembro para a “**substitución do acabado de cuberta**” da vivenda situada no Paseo de Coira, 46 – Portosín (expte. nº 275/2014) con referencia catastral 4241021NH0344S0001KU, así como a devolución da liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Visto que na licenza outorgada se establecía un prazo para o inicio das obras de tres meses e outro máximo de seis meses anos para o seu remate, a contar ámbolos dous desde a data de notificación do outorgamento da licenza, sen prexuízo do outorgamento de prórrogas.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de data 22/09/2017, no que en resumo se acordaba:

“PRIMEIRO.- *Iniciar o procedemento para declarar a caducidade da licenza de obras outorgada para pola resolución de Alcaldía – Presidencia núm. 532 de 12709/2014 para substitución dun acabado de cuberta” da vivenda situada no Paseo de Coira, 46 – Portosín (expte. nº 275/2014).*

SEGUNDO.- *Outorgar ao interesado trámite de audiencia por un prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, para que poida formular as alegacións e presentar os xustificantes que estime pertinentes ao seu dereito.”*

Considerando que artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), sinala que “*no acto de outorgamento da licenza de edificación se determinarán os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas. No seu defecto o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses*”.

Considerando que o art. 145.4 LSG establece que “*a caducidade será declarada pola Administración Municipal logo do procedemento con audiencia do interesado*” e tendo en conta que durante o prazo outorgado non se formularon alegacións.

Considerando que o art. 103 RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) dispón que cando se obteña a licenza de obra ou, de non solicitarse, concederse ou denegarse esta, se iniciase a construción, instalación ou obra, se practicara unha liquidación provisional do ICIO, e tendo en conta que de non realizarse o feito imponible (construción da obra) non procede a liquidación do imposto (STS 14/09/2005, fundamento xurídico 2º), procede a anular a liquidación provisional do ICIO.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade da licenza urbanística outorgada pola resolución de Alcaldía – Presidencia núm. 532 de 12/09/2014 a F** para levar a cabo as obras de “**substitución do acabado da cuberta**” da vivenda sita no Paseo de Coira, 46 – Portosín (expte. nº 275/2014), por causa de ter transcorrido o prazo máximo para iniciar e rematar as obras.



SEGUNDO.- Anular a liquidación provisional do ICIO aprobada pola resolución de Alcaldía-Presidencia núm. 532 de 12/09/2014 correspondente ao expediente de obra nº 275/2014, por non terse executado a obra que motivou a referida liquidación.

TERCEIRO.- Notificar esta resolución ao interesado co réxime de recursos aplicables e dar conta á Tesouraría municipal para os efectos oportunos.”

2.4) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.

2.4.1.- Expediente nº 251/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por a Comunidade de propietarios do Edificio Barranqueira o 07/11/2017 (r.e. 6902) para realizar obras de “**selado de esquina de canalón e colocación de canalón e baixantes con verteaugas**” na vivenda situada na rúa Barranqueira, 1 – Porto do Son, con referencia catastral 0005809MH9390N.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.090,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.2.- Expediente nº 252/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Comunidade de Propietarios edificio Santa Uxia - Portal 2 o 07/11/2017 (r.e 6919) para realizar obras de “**limpeza e reparación de tellado**” no edificio situado na rúa Horta de Brión, 2 – Porto do Son, coa referencia catastral 9703621MH9390OS.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.000,00 euros	2%	40,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.3- Expediente nº 253/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. A** o 10/11/2017 (r.e. 7017) para realizar obras de “**construción de muro de peche**” na parcela situada no lugar de A Tarela, 36 - Noal, coa referencia catastral 15072A5010033500000I.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
3.650,0 euros	2%	73,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.4- Expediente nº 254/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. F** o 16/11/2017 (r.e. 7108) para realizar obras de “**substitución de carpinterías e varanda, eliminación de contras, ampliación de ocos en fachada, saneado, pintado e acondicionado de fachada, pintado de tabiques interiores, limpeza de cuberta e patio exterior e pavimentación de patio exterior**” na vivenda sita no lugar O Pozo, 1 - Goiáns, coa referencia catastral 002402200NH03C0001TA.



SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
17.750,12	2%	355,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.5.- DESISTENCIA EN PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE DE COMUNICACIÓN PREVIA 233/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. M** en data 06/10/2017 presentou unha comunicación previa urbanística para realizar as obras de “cuberta de primeira planta en parte en edificación acaroadada”.

Visto que D. M** presentou unha instancia o 07/11/2017 (r.e. nº 6933) comunicando a desistencia da comunicación previa e solicitando a devolución da taxa de tramitación do expediente.

Considerando que, de acordo art. 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas “*todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos*” e que o art. 94.4 da mesma norma dispón que “*a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento agás que, habéndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia*”.

Considerando que, consonte ao art. 2.1 da Ordenanza fiscal nº 15, reguladora da taxa pola tramitación e expedición de documentos “*constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, dos documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as autoridades municipais con epígrafe na tarifa*”, como é o caso das licenzas e comunicacións previas urbanísticas, e tendo en conta que a obriga tributaria nace ao realizarse o feito imponible (art. 21.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria) non procede a devolución da taxa abonada pola tramitación da solicitude de licenza urbanística.

ACORDA:



PRIMEIRO.- Aceptar a desistencia formulada por D. M** da súa solicitude de comunicación previa para as obras de “**coberta de primeira planta en parte en edificación acaroadada**” situada no lugar de Agra, 41 - Xuño, e declarar concluso o procedemento, dispoñendo o seu arquivo.

SEGUNDO.- Desestimar a solicitude de devolución do importe abonado en concepto de taxa por tramitación da licenza urbanística, polos motivos expostos nas consideracións deste acordo.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicable.

3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1) TRÁMITE DE AUDIENCIA EN PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada mediante o decreto da Alcaldía- Presidencia nº 406/2015, do 18 de xuño.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local do 22/09/2017 se resolveu iniciar expediente de reposición da legalidade urbanística a D. J** polas obras de construción dun galpón e un muro de peche na parcela situada no lugar de Campo de Prado, 94- Nebra, con referencia catastral 15072A502023740000OM.

Visto que o interesado presentara o 17/08/2017 (r.e. 5.216) solicitude de licenza de obra para adecuación dun local en vivenda unifamiliar con destino a bar, e para a construción dun galpón para almacenaxe (expte. 194/2017), sendo requirido para completar a súa solicitude o 10/10/2017 e achegando documentación o 27/10/2017 (r.e. 6.734).

Visto que o 29/11/2017 os servizos técnicos municipais emitiron informe, en relación cos procedementos de solicitude de licenza de obra (expte. 194/2017) e de reposición da legalidade urbanística, no que se fai constar:

“Observacións:

Primeiro.- En base ao artigo 42 do Anexo do PXOM para a tramitación de licenzas e documentación, deberá aportar:

Escritura pública de propiedade do terreo. Aporta un título de propiedade no que a descrición da parcela non coincide nin en superficie nin en lindeiros coa parcela catastral nin coa que se recolle no proxecto, polo que deberá aclararse esta cuestión.

Autorizacións sectoriais previas preceptivas: O interesado aporta fotocopia de solicitude de autorización de obras en zona de policía de canles. Deberá aportar a autorización de Augas de Galicia (art. 144.4 LSG) Na memoria non se xustifica o apartado 4.8.10.1.4.9 do PXOM. A estes efectos indicárase o número máximo de traballadores.

O acabado da cobertura cumprirá o disposto no artigo 4.7.9.1.b) do PXOM.



Terceiro.- Condición da parcela e a súa forma de ocupación.

No referente ao abastecemento de auga, propónse que se resolverá mediante pozo de captación e presenta fotocopia da solicitude para a autorización para usos privativos de augas ante Augas de Galicia. Deberá presentar a resolución favorable de dita solicitude.

En canto ao saneamento, e dado que o núcleo conta co servizo, deberá conectarse á rede pública (art.24.5LSG), para o que aportará o correspondente proxecto de obras ordinarias que poderá ter carácter independente ou ser anexo ao proxecto presentado, segundo dispón o artigo 36.4 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia. O solicitante indica que presentará o correspondente anexo cando o Concello lle facilite datos do punto de conexión e cotas (indícanse en plano aportado polo servizo de obras do Concello)

Cuarto.- Consta no Concello Decreto 594 de 13/09/2017 polo que se paralizan as obras que se estaban a levar a cabo na parcela onde se proxectan as obras solicitadas, polo que a técnico que subscribe realizou unha inspección o día 6 de outubro de 2017, na que se comprobou que no que se refire ao anexo á edificación principal, as obras realizadas axústanse polo momento ao proxecto presentado no Concello para a obtención de licenza municipal de obras, así como que o muro de peche excede o 1,50m opaco que permite a normativa urbanística.

Existe outra construción auxiliar na parcela, aínda sen rematar, a lo menos nos acabados exteriores, que non poden quedar co bloque visto.

Conclusión:

Por todo o anteriormente exposto, na opinión da técnico que subscribe, as obras en curso de execución referidas á edificación anexa á edificación principal, así como as obras pretendidas para o cambio de uso, están no suposto do artigo 382.1.b) do RLSG, polo que, dado que xa se presentou a solicitude de licenza, deberán emendarse as cuestións sinaladas no apartado de observacións do presente informe, aos efectos de verificar si é posible a concesión da licenza municipal de obras.

As obras do muro de peche non son legalizables, por exceder en altura, polo que procede a demolición da parte que supera 1,50 por enriba da rasante interior do predio en contacto co peche. Así mesmo deberá rematarse nas condicións establecidas no apartado 4.2.3.B.2.c) do PXOM, polas que non poderán quedar os bloques de formigón vistos, senón que deberán ser debidamente revestidos e pintados.

No que se refire á construción auxiliar existente na parcela, e que conta con título habilitante, deberá ser rematada exteriormente nas condicións do artigo 4.7.9.1.b) polas que a edificación deberá dispoñer das cores apuntadas de tons claros do PXOM.”

Considerando que, segundo dispón o art. 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) antes da resolución do expediente se dará audiencia ao interesado.

ACORDA:

Outorgar aos interesados trámite de audiencia, por un prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao de recepción da notificación deste acordo, a fin de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes ao seu dereito.”



4. PATRIMONIO MUNICIPAL.

4.1) CESIÓN DO DEREITO DE USO SOBRE A LMTAS E SET DO PARQUE EÓLICO SINGULAR DE PORTO DO SON.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que o Pleno da Corporación, en data 14/09/2017, resolveu autorizar a cesión do “Contrato administrativo de adxudicación da concesión administrativa de redacción, tramitación e aprobación do proxecto de execución, así como a construción, instalación, explotación e mantemento do parque eólico singular de titularidade municipal no Concello de Porto do Son” pola sociedade concesionaria, PROYECTOS Y DESARROLLOS RENOVABLES, S.L., a favor de ELEC COAL VM, S.L.U.

Visto que ELEC COAL VM, S.L.U. solicitou ao Concello de Porto do Son o 11/09/2017 a cesión ao seu favor do uso das infraestruturas de evacuación de enerxía eléctrica do parque eólico singular (PES), polo mesmo período e extensión que a concesión outorgada sobre o devandito parque eólico.

Considerando que o Concello de Porto do Son ostenta a titularidade, xunto co Concello da Pobra do Caramiñal, da liña eléctrica (LMTAS 20 kV SC) e da subestación eléctrica construída en Palmeira – Concello de Riveira (SET Palmeira 66/20 kV), instalacións construídas para permitir a evacuación á rede eléctrica da enerxía xerada polos PES dos citados concellos.

Considerando que nin a liña eléctrica LMTAS 20 kV SC nin a subestación SET Palmeira 66/20 kV estaban contempladas no proxecto de execución do PES de Porto do Son pero están intimamente vinculadas a aquel e directamente relacionadas coa súa viabilidade, en tanto en canto resulta imprescindible dispor das instalacións necesarias para evacuar e verter á rede eléctrica a enerxía xerada.

Considerando que o Pleno da Corporación autorizou a cesión a favor de ELEC COAL VM, S.L.U. do contrato de concesión do PES, polo que resulta necesario para explotar efectivamente a concesión que esa mercantil poida usar a LMTAS 20 kV SC e a subestación SET Palmeira 66/20 kV, a fin de garantir do mellor modo a satisfacción do interese público a que respondeu a licitación do contrato de concesión.

Considerando que o art. 137.4 c) da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas, aplicable ao alleamento de bens inmobles e dereitos sobre os mesmos, establece que se poderán adxudicar directamente “c) Cando o inmovible resulte necesario para dar cumprimento a unha función de servizo público ou á realización dun fin de interese xeral por persoa distinta das previstas nos parágrafos a) e b)”.

Visto canto antecede, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Ceder a ELEC COAL VM, S.L.U. o dereito de uso, na parte que corresponde ao Concello de Porto do Son, sobre a liña eléctrica (LMTAS 20 kV SC) e a subestación de Palmeira (SET Palmeira 66/20 kV).

A cesión comprende o dereito de uso na porcentaxe do 50% da instalación, igual á porcentaxe de titularidade que corresponde ao Concello de Porto do Son sobre as instalacións citadas.



A vixencia da cesión do dereito de uso estenderase ata o fin do “Contrato administrativo de adxudicación da concesión administrativa da redacción, tramitación e aprobación do proxecto de execución, así como a construción, instalación, explotación e mantemento do parque eólico singular de titularidade municipal no Concello de Porto do Son”.

Condiciónase expresamente a eficacia da cesión do dereito de uso a que PROXECTOS E DESENVOLVEMENTOS RENOVABLES, S.L. ceda efectivamente a ELEC COAL VM, S.L.U. o contrato de concesión do parque eólico singular do Concello de Porto do Son e esa cesión sexa á súa vez eficaz, conforme ás condicións fixadas polo Pleno da Corporación o 14/09/2017.

SEGUNDO.- O dereito de uso que se cede exercerase con arranxo ás seguintes condicións:

- a) A cesión do dereito de uso non comporta cesión da propiedade nin das facultades dominicais do Concello de Porto do Son sobre os bens e instalacións.
- b) O cesionario deberá:
 - Asumir os custos de mantemento e reparación das instalacións das que se cede o uso, na proporción que lle correspondería ao Concello de Porto do Son.
 - Presentar as comunicacións previas e declaracións responsables e obter cantas autorizacións e concesións sexan precisas para manter a funcionalidade e destino das instalacións cedidas, asumindo os custos que se poidan xerar, calquera que sexa a súa natureza.
 - Satisfacer os tributos e *exacciones que se deriven do exercicio do dereito de uso da instalación.
 - Cumprir, á súa costa, as disposicións vixentes ou que se poidan ditar que afecten os bens e instalacións que se ceden.
 - Obter a autorización do Concello de Porto do Son para a realización de calquera clase de obras que pretenda acometer nos bens cedidos.
- c) O Concello de Porto do Son non será responsable das obrigacións contraídas polo cesionario nin dos danos e prexuízos que este poida causar a terceiros.
- d) O dereito de uso outorgado non pode transmitirse ou cederse por ningunha clase de negocio xurídico, *inter vivos* ou *mortis causa* sen a previa autorización do Concello de Porto do Son. Deberá obterse a autorización da Administración tamén nos supostos de transformación, fusión ou escisión da sociedade *cesionaria do dereito.
- e) Prohíbese expresamente o gravame, de calquera natureza e a través de calquera clase de institución xurídica, do dereito de uso que se cede.
- f) O dereito cedido extinguirase por calquera das seguintes causas:
 - Vencemento do seu prazo de vixencia.
 - Revisión de oficio do acto administrativo de outorgamento.
 - Renuncia do *cesionario.
 - Disolución ou extinción da sociedade cesionaria do dereito.
 - Revogación do dereito acordada polo concello por incumprimento das condicións e deberes establecidos.
 - Mutuo acordo entre o concello e o cesionario do dereito.
- g) Ao final do prazo de vixencia da cesión do dereito de uso, as instalacións das que se cedeu aquel dereito reverterán gratuitamente e libres de calquera carga ou gravame ao concello.



- h) O cesionario responderá os danos causados aos bens e instalacións que excedan dos derivados da súa utilización normal e dilixente.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aos interesados, con expresión do réxime de recursos aplicable.

4.2) DECLARACIÓN SOBRE AUTOCONSUMO DO PARQUE EÓLICO SINGULAR DE PORTO DO SON.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que PROYECTOS Y DESARROLLOS RENOVABLES, S.L. lle solicitou ao Concello de Porto do Son en data 12/05/2017 autorización para ceder o contrato de concesión do parque eólico singular (PES) de Porto do Son, a favor de ELEC COAL VM, S.L.U. e, na mesma instancia, solicitaba que polo concello, ou ben se confirmase que o PES non se atopaba suxeito ao cumprimento do previsto no art. 21 b) do Decreto 302/2001, de 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, ou ben que dita obrigaón entendécese *subsumida no pago do canon previsto no contrato de concesión.

Visto que o Pleno da Corporación, en data 14/09/2017, resolveu autorizar a cesión do “Contrato administrativo de adxudicación da concesión administrativa de redacción, tramitación e aprobación do proxecto de execución, así como a construción, instalación, explotación e mantemento do parque eólico singular de titularidade municipal no Concello de Porto do Son” pola sociedade concesionaria, PROXECTOS E DESENVOLVEMENTOS RENOVABLES, S.L., a favor de ELEC COAL VM, S.L.U.

Considerando o disposto no art. 21 do Decreto 302/2001, de 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Visto canto antecede, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar que o parque eólico singular de Porto do Son cumpre co requisito establecido no artigo 21 b) do Decreto 302/2001, de 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, para ser cualificado como parque eólico singular, tal e como acredita o certificado expedido por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. o 22 de novembro de 2002, adxunto á solicitude de autorización do parque eólico singular, e así foi declarado na Resolución de 6 de abril de 2009 da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Para os efectos de dar cumprimento ao requisito previsto no citado artigo 21 b) do Decreto 302/2001, o pago do canon polo concesionario considérase prestación adecuada para dar cumprimento ao requisito de autoconsumo.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados, con expresión do réxime de recursos aplicable.



5. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **13:45 horas**, do día **30 de novembro de 2017**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

Asdo. José Manuel González García.